

PEZA DO MES

marzo

2004



TORSO MASCULINO

SÉCULO I D.C.

LABRA EN GRANITO

19,5 x 20 x 12,7 CM

PROCEDE DO CASTRO DE SANTA ÁDEGA (SAN VICENTE DE REÁDEGOS, VILAMARÍN, OURENSE).

Nº. Inv. 3.701

ENCONTRÁMONOS ANTE UNHA PEZA SINGULAR, VINCULABLE Ó ICONO COÑECIDO COMO “GUERREIRO GALAICO”, PERO CUNHAS PECULIARIDADES QUE O AFASTAN DO MODELO, PARA FORMULAR INCÓGNITAS DIVERSAS EN CANTO A SÚA ADSCRICIÓN E SIGNIFICADO.



VISTA FRONTO-LATERAL

TORSO MASCULINO

Nun emprazamento dominante, no lugar de San Vicente de Reádegos, Concello de Vilamarín (Ourense), encóntrase o xacemento coñecido como Castro de Santa Ádega, cun recinto duns 78x75 m, rodeado por dobre muralla e foso. En 1950, como consecuencia de remocións de terras para converter o terreo en apto para labores agrícolas, apareceron diversos obxectos arqueolóxicos —unha urna cerámica chea de cinsas e unha punta de lanza de bronce— que foron dados a coñecer por Cuevillas. Poucos anos despois e non lonxe do castro, aínda que fóra xa do seu recinto, seica ao pé dun muro moderno, descubriuse o presente torso, que ingresou con posterioridade no Museo como doazón.

O atractivo que esperta o xacemento, á vista dos diversos achados, fai que en 1963 se realicen varias catas por parte de D. Xesús Ferro Couselo e D. Laureano Prieto, nun intento de coñecer a súa importancia. Constátanse tres niveis de ocupación: un inferior, de complexa adscripción cultural, que proporcionou unha vasilla de pasta de pouca calidade e unha machada de pedra puída, un nivel intermedio, con numeroso material cerámico adscribible ao mundo castrexo tradicional, e un terceiro nivel no que aparecen evidentes signos de romanización, con materiais

como vasillas de *terra sigillata* ou moedas. Os interesantes resultados obtidos permaneceron inéditos ata 1990 en que, a partir das notas manuscritas no caderno de campo e dos materiais arqueolóxicos conservados no Museo, foron publicados no *Boletín Auriense* por Xulio Rodríguez e Luís Orero. Con posterioridade ás escavacións encontráronse nas inmediacións do castro, un capitel e unha ara romanas, estudados por Juan Carlos Rivas, quen non dubida que o capitel, achado no lugar de Cristoble, proceda do citado xacemento.

O torso, ao ser produto dun achado casual carece dun contexto arqueolóxico definido. Trátase dunha escultura de vulto redondo, realizada nun bloque de granito, que representa un torso de pequeno tamaño dunha figura masculina. As importantes mutilacións con que chegou a nós a peza, así como a forte erosión que presenta o conservado dificulta en gran maneira a precisión de moitos dos seus detalles. A figura estréitase sensiblemente cara á cintura, onde leva un cinto composto por dous baquetóns lisos e paralelos que se ve claramente nos laterais e na parte traseira, aínda que se perde na zona frontal, substituído por un leve avultamento que fai pensar na posibilidade de que levara o característico escudo circular dos guerreiros (*caetra*), con umbo central.

Os brazos parecen querer separarse do tronco, sobre todo na súa visión posterior. No dereito, crebado antes de chegar ó cóbado, apréciase o remate da manga curta da camisa ou *sagum*, que mostra un suco lonxitudinal pola parte central, e o posible resto dun brazaletes ou *viriae*, mentres o brazo esquerdo está fracturado desde case o punto de arrinque. Acaso, se sinala tamén o escote en V da camisa.

É arriscado plantear se levaría *torques*, aínda que mostra diversos avultamentos na base do pescozo.

O que si se aprecia con claridade é unha ancha banda, delimitada por dúas tiras e decorada con motivos de rombos, que cruza polo peito en diagonal, dende o ombro esquerdo ata o cinto no lado dereito e que continúa polas costas, onde se fai menos evidente. (Curiosamente os rombos son o motivo ornamental máis usual nas figuras de guerreiros, e aparecen habitualmente decorando o *sagum*).



VISTA POSTERIOR

poida ser posta en relación con outras pezas achadas nas inmediacións do castro, como o mencionado capitel corintio, dado que aprecia nela “unha técnica moito máis desenvolvida e hábil que a que tiñan os artifices dos guerreiros”.

Sexa dun ou doutro xeito, o certo é que estamos ante un exemplo máis dunha das manifestacións máis singulares e atractivas do mundo galaico-romano: a plástica en pedra, da que os guerreiros xunto cos sedentes son as imaxes máis representativas, e cuxa área de expansión é exclusivamente o convento xurídico bracarense.

Por outra parte, algunhas das referidas peculiaridades mencionadas para esta peza, encontrámolos tamén nalgunha outra catalogada como guerreiro, coa que se pode por en relación, como é o caso do aparecido na Cidá de Sabanle, en Crecente (Pontevedra), igualmente torso de pequenas dimensións, con escudo con umbo central perfectamente identificable, e co brazo dereito dobrado, característica esta que leva a Calo a definir a súa pose como “máis á romana”.

O que máis chama á atención da nosa peza é, sen dúbida, a mencionada banda decorada que leva no peito, da que non se encontran paralelos e que debe ser interpretada como algún tipo de distintivo de prestixio ou condecoración do personaxe que a leva.

A peza foi estudada e publicada como torso de guerreiro galaico no *Boletín Auriense*, por Luís Orero, quen sinala, non obstante, as súas singularidades con respecto aos mesmos, como son: o seu tamaño, notablemente inferior ao dos guerreiros coñecidos como tales e definidos pola súa monumentalidade, o feito de presentar os brazos separados do corpo, o que rompería co tradicional hieratismo e rixidez destas figuras que se representan en posición de parada militar, a orixinal banda que lle cruza o peito, así como unha maior preocupación formal na súa labra, apuntando como causa a posibilidade de que se trate dunha obra máis tardía, feita xa en plena ocupación romana. Este autor, ó describir o torso, sinala tamén a presenza da empuñadura dun puñal, que interrompe a banda e se dispón en diagonal sobre o ventre. Puñal que segundo incida a luz na peza, parece máis ou menos probable e que nos fai dudar se non se trata dunha erosión casual. De ser representación intencionada, trataríase dun puñal curto, de gaviláns curvos.

Pola súa parte Francisco Calo, máximo estudoso da plástica da cultura castrexa galaico-portuguesa, sen negar rotundamente a posibilidade de que a figura poida ser interpretada como a dun guerreiro galaico, formula moitas dúbidas, inclinándose máis pola idea de que se trate dunha escultura romana que quizais

VISTA AÉREA DO CASTRO DE SANTA ÁGUEDA



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-97-2004

